


2.- Atendendo ao documento conteste (puntuación máxima 4 puntos):

a) Cite as cinco comunidades autónomas que non teñen ningunha aglomeración maior de 250.000 habitantes (1 punto).

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

- Identifique o documento e xustifique a que categorías de xerarquía urbana corresponden as seguintes metrópolis: Zaragoza, Córdoba e Madrid (1 punto).
- Que aspectos condicionan a distribución dos principais espazos de concentración urbana? (1 punto).
- Explique as consecuencias do actual sistema urbano no interior peninsular (1 punto).



2.-Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Cite as cinco comunidades autónomas que non teñen ningunha aglomeración maior de 250.000 habitantes (1 punto).

Cantabria, A Rioxa, Navarra, Estremadura e Castela-A Mancha.

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

Identifique o documento e xustifique a que categorías de xerarquía urbana corresponden as seguintes metrópolis: Zaragoza, Córdoba e Madrid (1 punto).

Trátase dun mapa de España de base provincial, temático de símbolos/figuras proporcionais; utiliza unhas **circunferencias para representar** con seis niveis os **diferentes tamaños por habitantes, das aglomeracións urbanas españolas** e a súa localización. Nas máis importantes aparece xunto a figura **o nome da cidade**. A fonte é a **editorial Santillana**.

Zaragoza ten a categoría de metrópole rexional xa que é unha gran área metropolitana cunha poboación **superior a 500.000 habitantes**. Conta con **funcións diversificadas industriais e terciarias** e ofrece numerosos **servizos especializados**. A súa **área de influencia é rexional** pero mantén **intensas relacións coas metrópolis nacionais**.

Córdoba **se relaciona coas denominadas metrópolis subrexionais ou rexionais** de segundo orde xa que é un área de poboación entre **250.000 e 500.000 habitantes**. Conta tamén con **funcións bastante diversificadas** e algún **servizo especializado, pero de influencia subrexional**.

Madrid corresponde á **categoría de metróbola nacional** debido a ser a **maior área metropolitana de España** (máis de 3.000.000 de habitantes) pero tamén está **integrada no sistema europeo e no mundial** (cidade global), conta con **funcións moi diversificadas ao concentrar as sedes das grandes empresas** nacionais e multinacionais e, polo tanto, **os centros de decisión empresarial, posúe industrias de alta tecnoloxía** que ofrecen servizos moi especializados (financeiros, de xestión, innovación, cultura e lecer) e ten unha **densa rede de transporte e comunicacións**.

Que aspectos condicionan a distribución dos principais espazos de concentración urbana? (1 punto)

Os **aspectos que condicionan a distribución** dos principais **espazos de concentración urbana** en España son **factores físicos** (clima e altitude) e **humanos** (evolución histórica e económica).

O sistema urbano español baséase nun **núcleo central e diversos eixes periféricos** que **se relacionan co crecemento industrial** e as políticas industriais (Cataluña, País Vasco e Madrid), así como a **terciarización da economía** nos últimos anos. A **terciarización industrial beneficiou de forma especial ás grandes cidades**; o **aumento do emprego nas administracións públicas**, que están **situadas nas capitais**, fíxoas medrar; e o **turismo** que potenciou especialmente as cidades da costa mediterránea e dos arquipélagos.

As cidades do **sistema urbano español** constitúen unha **rede urbana xerarquizada** propia dun país industrializado. Estas exercen certa **influencia cara á súa área circundante** a partir das **funcións e servizos que ofrecen**. As cidades conforman unha **rede de relacións e de influencias na súa área circundante** porque son nós de comunicacións, centros de produción e distribución de bens e provedores de servizos.

Explique as consecuencias do actual sistema urbano no interior peninsular (1 punto)

Na distribución espacial do sistema urbano español **no interior, encontramos unha gran irregularidade no brusco salto de tamaño entre Madrid e un elevado número de cidades de rango moi inferior**. As consecuencias son un **espazo menos articulado** (infraestruturas) e **menos integrado ao carecer de cidades de rango medio** que o permita. A **ruptura de continuidade de tamaños** na xerarquía urbana **dificulta a prestación de servizos á poboación**.

Este fenómeno ven **marcado polo efecto exercido por Madrid** (metróbola nacional) que actúa de **potente imán de actividades económicas e de poboación**.